



XORNADAS DE SENSIBILIZACIÓN ASPANAES

Os membros de Aspanaes do centro residencial interactuaron co alumnado de 5º e 6º do CPI Atios de Valdoviño tentando concienciar e impulsar a inclusion e ter coñecemento sobre as persoas con autismo asi como as xornadas tiveron a finalidade de reforzar o respecto e o compromiso coa diversidade.



CONCIENCIAR SOBRE O AUTISMO

Implica educar ás persoas sobre este trastorno do neurodesarrollo, promovendo a comprensión, a aceptación e o apoio ás persoas autistas.

Nesta actividade aprendimos:

- Os mitos e realidades sobre o autismo.
- A diversidade do espectro autista e o recoñecemento da diversidade no espectro autista.
- Que cada persoa autista é única e ten as súas propias fortalezas e desafíos.
- Os desafíos e barreiras ao que enfrontan as persoas autistas na educación, o emprego, as relacións sociais e outras áreas da vida.
- A importancia do diagnóstico temperán e o acceso a servizos de intervención e apoio.
- A promoción de contornas inclusivas e accesibles para persoas autistas
- As estratexias para fomentar a inclusión en contornas educativas, laborais e comunitarios.



O RESPECTO A DIVERSIDADE

Aceptar a diversidade é fundamental para construír unha sociedade inclusiva e respectuosa onde todas as persoas sexan valoradas polo que son e donde debemos de reconecer a riqueza e a complexidade da diversidade humana.

Nesta actividade

- Exploramos os beneficios sociais, culturais, económicos e cognitivos da diversidade.
- Identificamos os prexuízos, estereotipos e discriminación que afrontan as persoas debido á súa diversidade.
- Reflexionamos sobre os impactos negativos da exclusión e a marxinalización na sociedade.
- Aprendimos as actitudes e comportamentos respectuosos cara a todas as persoas, independentemente das súas diferenzas.
- Fomentamos a empatía, a tolerancia e a comprensión mutua como bases para a convivencia pacífica.

